

Máis e mellor emprego!!!

10 de Marzo
Día da Clase Obreira Galega

PACTOS E ACORDOS NEGATIVOS

Despois de varios pactos e acordos entre a patronal, administracións central ou autonómica e os sindicatos de ámbito estatal, que se presentaron como unha solución para rebaixar as altas taxas de eventualidade e reducir o desemprego, estas manteñen-se pouco máis ou menos como estaban. A única diferenza é que a patronal recibiu miles de millóns en subvencións, para converter contratos eventuais en fixos e facer novos contratos, e, como gratificación extra, que se desregulase aínda máis o chamado mercado laboral e ser menos custoso o despedimento improcedente.

Os resultados despois de 18 meses de contrarreforma laboral están aí, segundo datos da Enquisa de Povoación Activa: no 2º trimestre de 1997 a eventualidade era do 34,46%, no 3º trimestre de 1998 do 34,61%. Ou sexa, unhas décimas máis, pero, aínda que fose un pouco menos, estaría moi lonxe das promesas de CCOO e UGT! Estes son os resultados reais da negociación sen nengunha presión, á baixa, e aceptando como única saída o modelo neoliberal.

ALTAS TAXAS DE PARO

Malia que 1997 e 1998 foron uns anos considerados polos economistas como sobranceiros en toda a Unión Europea, e pouco doados de repetir, tanto pola alta taxa de medre da economía, como pola xeración de emprego, Galiza non aproveitou adecuadamente este pulo. Concretamente durante 1998 o paro só baixou nun 0,43% en Galiza, cando no Estado español baixou o 10%. Hai no noso país 189.600 desempregados, o 24% dos que traballan ou queren traballar por conta allea! O paro é máis grave en colectivos como a mocidade, mulleres e maiores de 45 anos.



Confederación Intersindical Galega

HAI MÁIS ACIDENTES LABORAIS

Non só se mantén o paro e a eventualidade en niveis socialmente inaceitábeis, senón que por mor desta situación de precariedade laboral (eventualidade, ETT, falta de contrato) cada día que pasa medra o número de accidentes laborais. Abonda con dicir que nalguns sectores, como o da construción, todos os sindicatos convocaron o pasado día 18 de febreiro en Vigo unha folga para protestar ante a inseguridade laboral, despois dun accidente que custou a vida a dous operários, que traballaban fronte á Inspección de Traballo.

En 1998 houbo en Galiza 39.394 accidentes, deles 119 mortais, un 15,53% máis que no ano 1997.

CUMPRE UN CÁMBIO DE RUMO

Estes son algúns dos problemas aos que se enfrenta hoxe a clase obreira galega, todos eles están agravados por un goberno ineficaz, submisivo aos intereses foráneos, e servil aos ditados dos grandes empresários. Galiza precisa dunha mudanza política que impulse un modelo económico e social máis xusto. Un novo contexto no que se consolide un Marco Galego de Relacións Laborais e se efective un Plano Galego de Emprego, se aumenten os servizos sociais básicos e se remate coa política de privatizacións e desmantelamento do sector público (como no caso de Bazán, que perde 1.587 empregos, un 42% do cadro de persoal, porque se lle impide facer naves non militares e se lle quita carga de traballo, ou non poder construír barcos no caso de Astano, o outro gran asteleiro ferrolán, mentres se lles esixe a ambos que sexan competitivos).

Por un Marco Galego de Relacións Laborais!!!

Manifestacións

VIGO: SAIDA DENDE O CONCELLO ÁS 11,30H.
FERROL: SAIDA DENDE EDUARDO PONDAL (LOCAL CIG) ÁS 11,30H.

